

**CEIP BARRIÉ DE LA MAZA.– Festas cíclicas anuais.**



# ENTROIDO

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SABADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | FARELEIRO |
| | | | COMPADRES | | | OLEIRO |
| | | | COMADRES | | | CORREDOI-RO |
| | | MÉRCORES DE CINZA | | | | PIÑATA. |



DOMINGO FARELEIRO



XOVES COMPADRES



DOMINGO OLEIRO



XOVES COMADRES



DOMINGO CORREODOIRO



MÉRCORES DE CINZA. ENTERRO DA SARDIÑA

Calendario de Entroido







# ENTROIDO

PERSONAXES DE ENTROIDO



## CIGARRÓNS e PELIQUEIROS

Son propios da zona de Verín  e Laza en Ourense. Con pequenas diferenzas levan unha máscara de madeira pintada que se prolonga cunha especie de mitra na que se representan habitualmente animais salvaxes. A parte posterior vai cuberta cunha pelica de animal, de aí o nome de Peliqueiros na veciña Laza. O resto do traxe está composto por chaquetiña branca adornada con lazos e frecos dourados atase con tres lazos de diferente cor, pantalóns adornados con podóns brancos e verdes con vermello, e as pernas cubertas con medias brancas. Levan ademais pañoleta sobre os ombros, faixa de cor vermello e sobre estas o cinto de coiro no que se colgan as chocas.

Levan na man un mallo ou látego cos que pegan aos visitantes.







# ENTROIDO

PERSONAXES DE ENTROIDO



PANTALLAS



VERGALLEIROS



FELOS

## PANTALLAS, VERGALLEIROS, e FELOS.

Coñecen así ás representacións dos personaxes propios do entroido de Xinzo, Sarreaus, e Maceda, todos na provincia de Ourense. A función e o xogo que protagonizan no entroido é similar á dos Cigarróns e Peliqueiros pero as súas indumentarias son sensiblemente diferentes entre eles e con respecto aos personaxes de Verín e Laza.

O aspecto máis curioso o representan as Pantallas que portan nas súas mans vexigas de vaca inchadas a modo de globos.







# ENTROIDO







## BOTEIROS E FOLIÓNS

Pertence tamén á provincia de Ourense. Neste caso son propios de Viana do Bolo, Manzaneda e Vilariño de Conxo. Están formados por traxes de difícil elaboración con multitude de colorido e tocados de diferentes formas e cores. Desfilan pola rúas acompañados dos Folións que son grupos de 30-40 homes con grandes bombos, eixadas, cornas, visitando cos boteiros os distintos lugares da parroquia.







# ENTROIDO





## VOLANTES DE CHANTADA

Portan sobre a cabeza grandes puchos que poden chegar a pesar uns 15 kg. É unha estructura feita de madeiras e bimbios sobre o que colgan numerosas fitas ou "colonias" con gran abundancia de cores. Tamén soen colocar na mesma flores e incluso bonecas. Sobre os ombros levan un pano de ricos cores chamados "portugueses". O volante é unha figura tamén masculina e no seu traxe inferior caracterizase por ter anchas bandas de cores, moi frecuentes o vermello e o amerelo aínda que tamén poden aparecer azul e branco.







# ENTROIDO

PERSONAXES DE ENTROIDO




## MADAMAS e GALANES

Na provincia de Pontevedra, Concello de Vilaboa , concretamente na parroquia de Cobres, dende o Sábado en Entroido ata o Martes estes personaxes recorren os diferentes lugares desta parroquia levando a festa a todos os veciños, van acompañados da charanga e interpretan distintos bailes, entre eles un baile específico desta festa chamado " O Baile dos Cobres".

O traxe consiste nunha base branca adornada con multitude de cintas, colares de todas as cores xunto cos sombreiro adornados con multitude de flores, abelorios, plumas, etc.







# ENTROIDO



## ENTROIDOS DE ARCOS. Mazaricos.

Este Entroido ten a peculiaridade que esta formado por tres grupos de personaxes: o exército dos panos, o coro dos vellos y o coro dos cegos . Ó fronte da comitiva desfila o abandeirado que anuncia a chegada do Entroido, séguenо o exército dos panos que como indica o seu nome levan os ombros cubertos cun pano e levan tamén sombreiros ricamente adornados con plumas, abelorios, cintas, etc. Séguenо unha parella da garda civil e a continuación o coro dos vellos coa cara cuberta que representan a parte cómica dedícanse a bailar e burlarse do público; por último o coro dos vellos dedicados a cantar coplas en ton satírico e burlesco relacionados cos sucesos do ano e para pedir a esmola.

PERSONAXES DE ENTROIDO







# ENTROIDO





## XENERAIS DO ULLA

Teñen a súa orixe na Guerra da Independencia dos franceses, e agora retrata as loitas de defensa por cada pobo. Basanse nas disputas verbais entre dous exércitos, un invasor e outro defensor por un abandeirado, un sentinela, un correo e tres xenerais cada un. Van todos a cabalo e os uniformes recordan ós militares da época napoleónica.

A disputa verbal supón un análise crítico e satírico dos acontecementos da actualidade nacional, rexional e sobre todo local







# ENTROIDO

PERSONAXES DE ENTROIDO



## A MORENA. Laza.

A morena é unha máscara que representa a unha vaca feita de madeira con un pau que sostén un home cuberto por mantas a modo do lombo do animal. Un grupo de xente con toxos e sacos con formigas e fariña acompañan á morena dende CimadeVila ate a praza da Picota onde se concentra todo o mundo. Acompaña tamén á morena un burro, animal que porta no seu lombo a un forasteiro que se introduce na festa. Ao chegar á Picota e atoparse con toda a xente a Morena tenta escornear a todos os presentes e levantarlle as saias ás mulleres. Os acompañantes cos toxos e coleiros tratan de darlle con eles na cabeza aos presentes.







# ENTROIDO





## O OSO. Salcedo.

Na parroquia de Salcedo do concello de Pobra de Brollón, na provincia de Lugo, todos os anos o Luns de Entroido sae oso, un personaxe vestido con peles e con máscara que representa a este animal, ven acompañado duns criados enmascarados e xuntos perseguen a toda a xente que se atopa no pobo para tisnalos e manchalos. Crese que o uso deste personaxe quere representar a saída de hibernación e o inicio dun novo ciclo agrícola na natureza.







# ENTROIDO






## O MECO

Este personaxe representa o Entroido e con el se pecha o período festivo. Este personaxe é un boneco elaborado con diferentes materiais dependendo do lugar de celebración e o seu cometido é ser o culpable de todas os males. De todos os xeitos ten unha función dobre, pois si ben é xulgado e condenado a acabar queimado no mércores de cinza, tamén é acompañado de grandes mostras de dor e abundantes choros, soen acompañalo un grupo de plañideiras xa que determina o fin do tempo de festa, ledicia e liberdade.